



C/ Paco Maañón, 12  
27780 FOZ (Lugo)  
Tfno.: 982 140 028  
Fax: 982 140 426

Correo electrónico: [cpr.martinez.otero@edu.xunta.es](mailto:cpr.martinez.otero@edu.xunta.es)

Páxina web: [www.martinezotero.es](http://www.martinezotero.es)

## COMISIÓN DA VELADA DE NADAL

Benqueridas familias:

O motivo desta circular é o de informarvos, con grande satisfacción e ledicia, de que neste curso 2022-23, **recuperamos**, tralo parón obrigado pola pandemia da COVID-19, a **celebración da nosa VELADA DE NADAL**.

Este ano **presentamos as seguintes novidades**, co obxectivo de facilitar a vosa asistencia e, ao mesmo tempo, manter as condicións de seguridade en eventos públicos recomendadas polo noso concello, esperamos que comprendades esta nova situación:

- **Realizaranse dúas funcións** para que cada familia poda escoller a que mellor se axuste ás súas circunstancias, os días:
  - **Mércores, 21 de decembro, ás 19:00h**
  - **Xoves, 22 de decembro, ás 10:30h.**
- **Cada familia terá reservadas dúas entradas numeradas** que poderán utilizar para asistir conxuntamente a unha das funcións, ou, en caso de que o precisen, repartilas entre os dous días para facelo individualmente.

As entradas estarán á vosa disposición en **Dirección**, a semana **do 12 ó 16 de decembro**, no horario habitual **de atención ao público**.

- **LEMBRADE QUE É IMPRESCINDIBLE PORTAR A ENTRADA PARA PODER ACCEDER Ó SALÓN DE ACTOS.**

Todas as persoas da comunidade escolar: alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos, esperamos a vosa asistencia a este evento tan emblemático da nosa historia como centro educativo.

Sen outro particular, recíbide un cordial saúdo.

Foz, a 21 de novembro do 2022



Comisión da Velada de Nadal